

MASTER INTERUNIVERSITARIO  
(Universidade de Vigo-Universidade da Coruña)  
EN CIBERSEGURIDADE



## NORMATIVA PARA TRABAJO FIN DE MÁSTER

### ANTECEDENTES

O Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, dispón no artigo 15 que as ensinanzas de máster concluirán “coa elaboración e defensa dun traballo de fin de máster”. O apartado 3 deste mesmo artigo dispón que: “O traballo de fin de máster terá entre 6 e 30 créditos”.

O Real Decreto 861/2010, de 2 de xullo, polo que se modifica o R.D. 1393/2007 de 29 de outubro, no que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, dá unha nova redacción do artigo 6º que se refire ao recoñecemento e transferencia de créditos e resalta: “En calquera caso, non poderán ser obxecto de recoñecemento os créditos correspondentes aos traballos de fin de grao e máster”.

A Universidade da Coruña recolle no súa *Normativa Reguladora de Matrícula e Defensa do Traballo de Fin de Grao (TFG) e do Traballo de Fin de Mestrado Universitario (TFM)*, aprobada en consello de Goberno o 19 de decembro de 2013 e modificada o 24 de xullo de 2014, o 29 de xaneiro de 2015, o 28 de xuño de 2016 e o 29 de xuño de 2017, as disposicións propias polas que se guían os traballos de fin de máster na Universidade. De xeito análogo, a Universidade de Vigo recolle no *Regulamento para a Realización do Traballo de Fin de Máster*, aprobado en Consello de Goberno de 15 de xuño de 2016, posteriormente modificado no Consello de Goberno de 13 de novembro de 2018 e de 31 de outubro de 2022, as normas específicas que regulan os procedementos relativos ao TFM na Universidade de Vigo.

Dentro deste marco regulador, o presente documento pretende establecer o procedemento para a realización do traballo de fin de máster na titulación de Máster Interuniversity en Ciberseguridade (MUniCS). Corresponderá á Comisión Académica do Máster Interuniversity en Ciberseguridade (CAMIC) a resolución de problemas ou conflitos relacionados co presente regulamento de TFM.

### ***ARTIGO 1. Da definición do Traballo de Fin de Máster***

1. O traballo de fin de Máster (TFM) forma parte, como módulo, do plan de estudos do título de Máster Interuniversity en Ciberseguridade.
2. O TFM é un traballo orixinal e persoal que cada estudante realizará de maneira autónoma baixo tutorización docente, e debe permitirlle amosar de forma integrada a adquisición dos contidos formativos e as competencias asociados ao título.
  - a) Que o TFM sexa un traballo persoal non exclúe que, para desenvolver unha proposta de envergadura suficiente, podan participar varios/as estudantes, cada un cunha parcela precisa da tarefa global; este feito será autorizado pola Comisión Académica do Máster Interuniversity en Ciberseguridade (CAMIC). Neste caso os/as estudantes implicados/as nun mesmo traballo compartirán a persoa titora e terán o mesmo tribunal de avaliación, mentres que a presentación, a defensa e a avaliación serán individuais.
  - b) O termo orixinal refírese a que en ningún caso pode ser un traballo plaxiado en todo ou en



parte, nin presentado con anterioridade polo/a estudante nalgunha materia de calquera titulación, aínda que pode integrar ou desenvolver traballos feitos como actividade doutras materias da titulación. Non é preciso que sexa un traballo inédito.

3. A titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, de imaxe ou de propiedade industrial dos TFM pertencen ós/ás estudantes que os elaborasen. A titularidade deses dereitos pódese compartir coas persoas titoras e con entidades públicas ou privadas ás que pertenczan, nos termos e condicións previstas na lexislación vixente.
  - a) No caso dos traballos desenvolvidos en colaboración cunha entidade externa, a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, se for o caso, rexerá polo establecido na relación contractual entre a/o estudante e a entidade externa.
  - b) No caso dos traballos desenvolvidos no ámbito do centro, a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, se for o caso, corresponderá á/ao estudante segundo queda recollido no apartado h) do artigo 8 do Real Decreto 1791/2010 do 30 de decembro, salvo que se establecer doutra maneira no anteproxecto asinado pola/o estudante e o profesorado encargado da dirección do TFM.
4. O TFM poderase elaborar en entidades colaboradoras (institucións ou empresas externas) ás Universidades, nos termos que se establezan nos convenios institucionais asinados. Neste caso existirá a figura dunha persoa cotitora pertencente á institución ou empresa e a figura dunha persoa titora académica que compartirá coa persoa cotitora as tarefas de dirección e orientación do estudante e terá, en calquera caso, a responsabilidade de facilitar a xestión académica. Neste último caso requírese que o 80% das horas se realicen na entidade colaboradora.
5. O TFM terá a súa guía docente conforme á normativa correspondente.

## ***ARTIGO 2. Da titorización do Traballo de Fin de Máster***

1. Os TFM realízanse baixo a supervisión e dirección dunha persoa que actuará como titor/a do traballo. É misión da persoa titora supervisar e orientar ao estudante na temática, metodoloxía, elaboración, presentación ou calquera outro aspecto académico, así como facilitar a xestión, actuando como dinamizador e facilitador de todo o proceso ata a presentación e defensa do TFM. O TFM poderá ser supervisado por unha segunda persoa, que actuaría en calidade de cotitora.
2. Poderá actuar como persoa titora calquera docente dos departamentos con docencia na titulación de Máster Interuniversitario en Ciberseguridade das Universidades de Vigo e A Coruña, co permiso da CAMIC. No caso que se denegue o permiso para a dirección, a CAMIC fará chegar á persoa solicitante un informe razoado.
3. A CAMIC tamén poderá autorizar unha persoa titora que non cumpra os requisitos recollidos no punto 2 deste artigo, que estará representada por un profesor da titulación designado pola CAMIC.
4. A coordinación da titulación será responsable da substitución da persoa titora, temporal ou permanente, cando se dean casos de baixa prolongada ou se producira a finalización da vinculación con algunha das Universidades responsables do título.
5. A CAMIC garantirá que tódolos/tódalas estudantes matriculados/as disporán dun tema para realizar o TFM, coa persoa titora correspondente.

## ***ARTIGO 3. Do calendario para a asignación e defensa do Traballo de Fin de Máster***

1. A CAMIC aprobará anualmente, durante o segundo cuadrimestre, o calendario que determina tódalas accións necesarias para a asignación e defensa do TFM no curso seguinte.



#### ***ARTIGO 4. Da asignación da persoa titora e da temática do Traballo de Fin de Máster***

1. Na data indicada no calendario a coordinación do módulo de TFM solicitará entre os docentes propostas de TFM xunto cunha descrición das tarefas a realizar e unha estimación da duración destas segundo o modelo indicado no anexo III. A oferta de traballos publicarase na plataforma de teledocencia, nunha materia á que ten acceso todo o alumnado e profesorado do máster. A listaxe dará debida publicidade da competencia en inglés dos profesores titores dos traballos e das propostas que se desenvolverán en inglés, tal como contempla a memoria oficial do título.
2. Os estudantes poderán consultar aos docentes sobre o contido e condicións dos TFM ofertados durante o período indicado no calendario, e acordar a realización do TFM. Transcorrido ese período, os profesores titores indicarán á coordinación do módulo de TFM a súa proposta de estudantes para cada un dos traballos que ofrecen.
3. Os estudantes matriculados no TFM poderán propoñer un tema propio para o seu traballo. De ser aceptado por algún docente, entre ambos prepararán a información (título, titor, descrición de tarefas e estimación da duración), que enviarán á coordinación do módulo de TFM.
4. As institucións ou empresas externas ás Universidades poderán propoñer temas para a realización de TFM. Poderán acordar a realización do TFM cun estudante ou solicitar que se inclúan na oferta de traballos publicada pola coordinación do módulo de TFM. A institución ou empresa deberá nomear unha persoa cotitora e acordar con un docente a codirección do TFM ou solicitar á CAMIC a asignación dun.
5. A CAMIC debe garantir que as propostas de TFM teñen natureza profesional, que se corresponden coas competencias adquiridas nas ensinanzas, que teñen a entidade suficiente para cubrir os créditos ECTS asignados e que se diferencian suficientemente doutros traballos desenvolvidos na titulación, moi especialmente do realizado na materia “Prácticas en Empresa”.
6. A CAMIC asignará, antes da data consignada no calendario, os traballos propostos aos estudantes, tanto aos incluídos na listaxe como ás propostas propias.
7. Aqueles estudantes sen proposta previa serán asignados pola CAMIC aos traballos da listaxe non asignados polo procedemento consensuado, previa consulta á coordinación do módulo de TFM.
8. A listaxe de adxudicación definitiva da persoa titora a cada estudante expoñerase na plataforma de teledocencia, na materia TFM e nunha materia á que teñen acceso todo o alumnado e profesorado do máster. Poderase reclamar esta listaxe de adxudicación no prazo de sete días naturais perante a CAMIC.
9. A CAMIC elevará a definitiva a listaxe provisional, unha vez analizadas as reclamacións, antes do inicio do primeiro cuadrimestre para os/as estudantes que sigan o itinerario a tempo completo, e antes do inicio do segundo cuadrimestre para os/as estudantes que sigan o itinerario a tempo parcial.
10. A adxudicación dun tema para o TFM e unha persoa titora académica terá validez por dous cursos académicos.
11. No caso de que un profesor propoñente dun traballo considere que este supón o desenvolvemento dunha idea investigadora propia e, polo tanto, deba conservar a propiedade intelectual das súas achegas ao mesmo, o/a estudante deberá asinar un acordo de cesión dos dereitos de propiedade intelectual á persoa titora previo á asignación de TFM, segundo o modelo do Anexo I.



12. Un estudante poderá solicitar cambio na titorización ou tema do seu TFM, ou a persoa titora poderá solicitar cambio do estudante asignado e de temas ofertados, mediante escrito xustificativo dirixido á coordinación do módulo de TFM. A CAMIC estudará estas solicitudes e, se proceden, aceptará os cambios.

### ***ARTIGO 5. Da presentación e defensa do Traballo de Fin de Máster***

1. Cada TFM será presentado e defendido coa autorización da persoa titora polo seu autor/a ante un Tribunal de Avaliación que o avaliará e cualificará.
2. Cada curso académico nomearase un tribunal que actuará en tódalas convocatorias de avaliación do curso académico para o que foi designado.
3. Cada Tribunal de Avaliación estará formado por tres profesores con docencia na titulación, que actuarán como Presidente/a, Secretario/a, e Vogal. Ademais, haberá tres suplentes, ordenados de un a tres.
4. A coordinación do módulo de TFM determinará o tribunal mediante un sorteo público no que poderán ser elixidos tódolos membros do profesorado do máster sin incluír aos profesores externos.
5. A CAMIC aprobará, como parte do calendario do TFM as datas das sesións de presentación e defensa dos traballos.
6. Nos prazos previstos no calendario, os estudantes solicitarán a defensa do TFM de acordo co seguinte procedemento:
  - a) Remisión da memoria do TFM, segundo as instrucións que a Coordinación do TFM emita no curso académico.
  - b) Autorización de defensa por parte da persoa titora, ou ben xustificante da solicitude de defensa cursada a través da Secretaría.
7. A persoa titora deberá emitir un informe confidencial sobre o rendemento do estudante, a súa iniciativa, a súa autonomía e a súa capacidade de resolución de problemas durante a realización do TFM segundo o formato que se inclúe no Anexo II.
8. A falta da documentación requirida supoñerá a non presentación á convocatoria.
9. A memoria do TFM redactarase en inglés obrigatoriamente cando o estudante optase pola modalidade de realización nese idioma.
10. A memoria do TFM porase a disposición do público a través da súa publicación en repositorios.
11. A defensa do TFM será oral e pública. Deberá realizarse en inglés se o estudante escolleu a modalidade de realizar o TFM nese idioma. A CAMIC, con carácter excepcional e tras petición formal e motivada do estudante e as persoas titoras, poderá autorizar a defensa a distancia de forma virtual, sempre e cando concorran as circunstancias técnicas, administrativas e económicas que garanten a súa viabilidade.
12. Os TFM realizados no marco de programas de mobilidade, ao abeiro dun contrato de estudos, poderán defenderse diante dun tribunal da universidade de destino seguindo as normas locais correspondentes. Nese caso, a cualificación será outorgada polo tribunal local e a máxima cualificación será de Sobresaliente. Para optar a Matrícula de Honra, o TFM deberá ser defendido diante do tribunal



nomeado pola CAMI, nas mesmas condicións que os/as demais estudantes.

13. A coordinación do TFM deberá establecer e anunciar publicamente a estrutura e duración máxima da exposición, así como a data, hora e lugar onde se realizará.

### ***ARTIGO 6. Da avaliación e cualificación do Traballo de Fin de Máster***

1. Cada TFM presentado e defendido será avaliado polo Tribunal de Avaliación asignado, empregando para a avaliación a rúbrica que se inclúe no Anexo III. A cualificación deste Tribunal de Avaliación representará o 100% da cualificación final.
2. A persoa titora ou cotitora dun TFM non poderá formar parte do tribunal de avaliación, pero poderá estar presente no acto de defensa e nas deliberacións, con dereito a voz pero sen voto.
3. O Tribunal de Avaliación do TFM constituirase formalmente coa debida publicidade e antelación ao acto de defensa.
4. O Tribunal de Avaliación do TFM deliberará sobre a cualificación dos traballos sometidos a avaliación tendo en conta a documentación presentada polos estudantes, o informe da persoa titora e a exposición pública do traballo.
5. A cualificación terá en conta a calidade científica e técnica do TFM presentado, a calidade do material entregado e o nivel de adquisición de contidos e competencias específicos da titulación e de competencias transversais.
6. No caso de outorgar unha cualificación final de suspenso, o Tribunal de Avaliación entregará un informe coas recomendacións oportunas ao estudante e á persoa titora para a mellora do traballo e a súa posterior avaliación.
7. O TFM deberá ser cualificado en acta unha vez se teña constancia de que o/a estudante conta con tódolos créditos necesarios para obter o título oficial de Máster, agás os do propio TFM. O Tribunal poderá propoñer por acordo unánime, motivándoa por escrito, a cualificación de Matrícula de Honra aos traballos que destaquen claramente entre os presentados, sempre que a cualificación do traballo sexa maior ou igual a 9.
8. A coordinación do TFM informará sobre a cualificación outorgada aos traballos na plataforma de teledocencia na materia de TFM.
9. No caso de non estar conforme coa cualificación recibida, un/unha estudante poderá interpoñer, nun prazo de entre dous e sete días naturais, recurso contra a decisión do Tribunal perante a CAMIC, que deberá estudar e resolver o expediente conforme á normativa vixente e ao que, sen prexuízo daquela, regule a Comisión Académica do Máster. No caso de desconformidade coa cualificación final obtida tras esta revisión, o/a estudante ten dereito a solicitar ante a Dirección do Centro, nun prazo de dez días hábiles contados desde o peche de actas, unha segunda avaliación ante un tribunal designado pola CAMIC.

### ***ARTIGO 7. Da confidencialidade do TFM***

1. No caso excepcional de que o desenvolvemento ou os resultados do TFM estean afectados por algunha cláusula de confidencialidade, o titor académico poderá solicitar á CAMIC a través do coordinador de TFM a presentación baixo a modalidade de confidencialidade. Esta solicitude deberá realizarse con alomenos 5 semanas de antelación antes da data prevista de lectura.
2. A CAMIC analizará tódalas solicitudes recibidas e requirirá documentación adicional, se fose preciso,



antes de aprobar a modalidade de lectura baixo o suposto de confidencialidade.

3. O estudante creará dúas versións da memoria: (i) unha reducida, da que se eliminarán os contidos afectados polo deber de non difusión ou polo deber de secreto e confidencialidade; e (ii) unha completa, que quedará arquivado baixo o compromiso de confidencialidade.
4. A memoria reducida será publicada de forma inmediata no repositorio público xunto coas memorias dos outros TFMs.
5. A memoria completa será entregada ao tribunal para a súa avaliación. O tribunal deberá asinar o correspondente compromiso de confidencialidade sobre os contidos dos que non se pode facer unha difusión pública, segundo o documento do anexo V. Esta versión completa será publicada despois de dous anos da lectura do traballo no repositorio público xunto coa memoria dos outros TFMs.

### ***ARTIGO 8. Da modificación de esta Normativa***

Esta normativa entrará en vigor desde o día seguinte á aprobación polos órganos seguintes:

- *Aprobación na Comisión Académica de MUnCS Universidade de Vigo, 21/04/2022*
- *Aprobación na Comisión Académica de MUnCS na Universidade da Coruña, 19/05/2012*



**ANEXO I. CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL**

**MÁSTER INTERUNIVERSITARIO EN CIBERSEGURIDADE  
CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL SOBRE O TRABALLO FIN DE  
MÁSTER**

Nome do/a estudante:

Nome do/a titor/a:

Título do traballo:

O/A estudante D./Dna ..... reconece que o desenvolvemento realizado para a consecución do seu traballo de fin de Máster provén directamente dunha idea investigadora propia da súa persoa titora, e polo tanto cede os dereitos de propiedade intelectual a D./Dna. .... previamente ao comezo do traballo asignado.

Data:

Asinado: O/a estudante

Visto e prace: A persoa titora



**ANEXO II. INFORME DA PERSOA TITORA**

**MÁSTER INTERUNIVERSITARIO EN CIBERSEGURIDADE  
INFORME DA PERSOA TITORA SOBRE O TRABALLO FIN DE MÁSTER**

Nome do/a estudante:

Nome do/a titor/a:

Título do traballo:

**ASPECTOS TÉCNICOS DO TFM**

(Rendemento do estudante, a súa iniciativa, a súa autonomía e a súa capacidade de resolución de problemas)

Comentarios

**EXPOSICIÓN E DEFENSA DO TFM**

(Documentación escrita)

Comentarios

Data:

Sinatura:





### ANEXO III. MODELO DE ANTEPROXECTO

#### MÁSTER INTERUNIVERSITARIO EN CIBERSEGURIDADE MODEL DE ANTEPROXECTO DO TRABALLO FIN DE MÁSTER

##### **Datos da/o estudante**

Nome:

DNI:

Enderezo electrónico:

Teléfono:

**Título** (*galego*):

**Título** (*castellano*):

**Título** (*English*):

**Universidade:**

**Dirección do TFM:**

**Breve descripción:**

**Obxectivos concretos:**

**Método de traballo:**

**Fases principais do traballo:**

**Material e medios necesarios:**

**Propiedade intelectual do traballo:**

O regulamento de Traballos de Fin de Grao da Facultade de Informática establece na sección 4, en relación aos dereitos derivados da propiedade intelectual dos traballos, o seguinte:

*4.2. No caso dos traballos desenvolvidos en colaboración cunha entidade externa, a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, se for o caso, rexerase polo establecido na relación contractual entre a/o estudante e a entidade externa. Neste caso, quen exerza a dirección académica non será titular dos dereitos de propiedade intelectual, salvo que se establecer doutra maneira nun documento asinado pola/o estudante, o profesorado encargado da dirección e un/ha representante da entidade externa.*

*4.3. No caso dos traballos desenvolvidos no ámbito do centro, a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, se for o caso, corresponderá á/ao estudante segundo queda recollido no apartado h) do*



*artigo 8 do Real Decreto 1791/2010 do 30 de decembro, salvo que se establecer doutra maneira nun documento asinado pola/o estudante e o profesorado encargado da dirección do TFG.*

Indique a continuación se o proxecto se realiza en colaboración cunha entidade externa ou no ámbito do centro, e neste último caso, o acordo sobre os dereitos derivados da propiedade intelectual do traballo:

O proxecto realízase en colaboración cunha entidade externa:

Si

Non

Se o proxecto non se realiza en colaboración cunha entidade externa, indique se os dereitos derivados da propiedade intelectual son compartidos entre a/o estudante e as/os directores:

Si

Non

A Coruña/Vigo, a

Asinado: a/o estudante.

Asinado: o/a director/a ou directores/as



**ANEXO IV. RÚBRICA DE AVALIACIÓN**

**MÁSTER INTERUNIVERSITARIO EN CIBERSEGURIDADE**

<b>RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DO TFM DE MUnICS</b>					
Indicador	Niveles de logro/cumprimento				
	A - Moi adecuado (Excelente: 10)	B - Adecuado (Notable: 7,5)	C - Básico (Aprobado: 5)	D - Deficiente (Suspenso: 2,5)	E - Moi deficiente (Suspenso: 0)
Obxectivos (5%)	<b>Realiza</b> unha explicación clara, concisa e concreta de cada un dos obxectivos propostos, expresada en termos que admiten unha sola interpretación e priorizando a secuenciación da súa realización. A súa redacción permite comprobar se se alcanzaron.	<b>Inclúe</b> unha relación de obxectivos, redactados de forma apropiada, aínda que a claridade e/ou concreción dalgúns deles non permite comprobar facilmente se se alcanzaron.	<b>Expresa</b> os obxectivos do traballo de forma excesivamente xeral e non están secuenciados adecuadamente	<b>Explica</b> de forma difusa e moi pouco concreta, co que non se desprende unha relación ordenada de obxectivos concretos para alcanzar no TFM	<b>Non explica nin se identifica</b> unha relación ordenada de obxectivos concretos para alcanzar no TFM
Metodoloxía e planificación (5%)	<b>Describe</b> de forma completa e argumentada a metodoloxía utilizada. Os procedementos descritos son adecuados para os obxectivos formulados e permítenos alcanzar.	<b>Describe</b> de forma breve, pero con unha argumentación coherente, a metodoloxía utilizada. Os procedementos descritos son adecuados para os obxectivos formulados e permítenos alcanzar.	<b>Describe</b> de forma excesivamente parca e pouco argumentada a metodoloxía utilizada. Os procedementos descritos son basicamente adecuados ao problema, pero non sen axustar a tódolos obxectivos propostos.	<b>Describe</b> de forma inadecuada os procedementos utilizados, que metodoloxicamente non permiten alcanzar algúns dos principais ou tódolos obxectivos propostos	<b>Non se describe</b> nin se identifican os procedementos utilizados
Discusión do traballo previo (situación actual, estándares, etc.) (5%)	<b>Identifica</b> , clasifica e relaciona, seguindo un criterio adecuado, tódalas ideas e características relevantes contidas nun texto ou nun proceso. Incorpora información adicional e soluciona incoherencias. <b>Referencia</b> correctamente tódalas fontes de información.	<b>Identifica a maioría</b> das ideas e características relevantes e clasifícaa e relaciónaa de forma organizada e seguindo o criterio correcto. Identifica a información adicional e indica as incoherencias. Referencia correctamente a maioría das fontes de información.	<b>Identifica</b> a maioría das ideas e características relevantes, pero relaciónaa de forma pouco organizada. Identifica só unha parte das incoherencias ou carencias no estado da arte. <b>Detéctanse bastantes fontes de información sen referenciar.</b>	<b>Identifica</b> só algunhas ideas e características relevantes e non as relaciona. Apenas identifica algunha carencia no estado da arte ou incoherencia. <b>Detéctanse moitas fontes de información sen referenciar.</b>	<b>Non diferencia</b> as ideas e características relevantes doutras irrelevantes e non as clasifica nin relaciona. Non aprecia as carencias ou incoherencias na bibliografía. <b>Non referencia</b> as súas fontes de información.
Resultados e contribucións técnico-científicas (40%)	Os <b>resultados son correctos</b> e proveñen de forma natural do procedemento seguido. Existe un avance respecto ao estado da arte (desde un punto de vista teórico, práctico, e/ou de desenvolvemento). A contribución ten unha utilidade clara. Practicamente toda a contribución é propia. Seguramente teña un percorrido máis aló deste TFM.	Os <b>resultados son correctos</b> e proveñen de forma natural do procedemento seguido. Sitúase no estado da arte (desde un punto de vista teórico, práctico, e/ou de desenvolvemento). A contribución é principalmente propia, pero con moita contribución dos titores ou de traballo de terceiros. Pode ter un percorrido máis aló deste TFM.	Os <b>resultados son correctos</b> e proveñen de forma natural do procedemento seguido, aínda que hai puntos de fallo e/ou resultados potencialmente dúbidosos. Existen xa numerosos resultados semellantes no estado da arte. A contribución propia é básica. Os outros traballos similares son mellores, polo que é improbable que teña un percorrido máis aló deste TFM.	Os <b>resultados son só parcialmente correctos</b> , probablemente porque o procedemento seguido non é moi adecuado. Hai varios puntos de fallo e/ou resultados dúbidosos. Practicamente non hai contribución propia, senón que se limita a usar ferramentas e resultados de terceiros.	Os <b>resultados son incorrectos</b> . Existen numerosos fallos. Non hai contribución propia de ningún tipo.
Discusión dos resultados obtidos (5%)	<b>Explica</b> e interpreta os resultados obtidos e propón relacións con coñecementos previos e realidades análogas nun contexto máis amplo.	<b>Explica</b> os resultados obtidos relacionándoos con coñecementos que os xustifican dentro da realidade que se está contemplando e noutras situacións análogas no mesmo contexto.	<b>Explica</b> os resultados obtidos relacionándoos exclusivamente dentro da realidade que se está contemplando.	<b>Non explica de forma satisfactoria</b> os resultados obtidos nin os relaciona correctamente cos coñecementos que os xustifican.	<b>Non dá</b> unha interpretación coherente dos resultados obtidos nin os relaciona cos coñecementos que os xustifican





Conclusións (5%)	<b>Expón</b> de forma sintética e ordenada lxicamente as aportacións realizadas no TFM. Puntualiza os elementos que non se trataron e menciona posibles extensións do traballo.	<b>Expón</b> ordenadamente as aportación realizadas aínda que non as sintetiza adecuadamente. Destaca unicamente algúns aspectos en relación a posibles extensións do traballo realizado.	<b>Recapitula</b> o traballo feito, pero sen salientar ningún aspecto e/ou sen manter un fio coherente sobre o traballo presentado.	<b>Dá explicacións</b> inconsistentes. Non recapitula nin destaca ningún dos aspectos tratados.	<b>Non extrae</b> conclusións ou son completamente inadecuadas.
Bibliografía (5%)	<b>Proporciona</b> na memoria as referencias bibliográficas completas, usando un estilo adecuado, de tódalas fontes citadas.	<b>Proporciona</b> as referencias bibliográficas completas de tódalas fontes citadas, pero polo menos algunhas están formateadas incorrectamente.	<b>Cita</b> as referencias utilizadas, pero, aínda que están completas, dan información bibliográfica incompleta ou incorrecta.	<b>Inclúe</b> referencias bibliográficas que non son citadas no documento. <b>Faltan</b> referencias bibliográficas adecuadas (por exemplo, só se proporcionan enlaces a páxinas web).	<b>Non inclúe</b> referencias bibliográficas.

CRITERIOS RELATIVOS Á MEMORIA E A DEFENSA

Redacción (5%)	<b>Redacta</b> de forma moi clara, con estilo elegante, sen erros de ningún tipo, facendo a lectura atractiva e entretida.	<b>Redacta</b> de forma suficientemente clara, construíndo frases sintacticamente correctas, sen cometer faltas de ortografía e utilizando adecuadamente os signos de puntuación.	<b>En xeral</b> redacta de forma correcta pero comete algunha falta de ortografía leve, utiliza incorrectamente signos de puntuación ou escribe algunha frase sintacticamente incorrecta.	<b>Redacta</b> de forma pouco clara, algunhas frases son sintacticamente incorrectas, comete algunhas faltas de ortografía e non se utilizan ben os signos de puntuación.	<b>Redacta</b> de forma confusa e presenta un documento con numerosas frases sintacticamente incorrectas, faltas de ortografía, gramaticais ou de puntuación.
Calidade do documento entregado (5%)	<b>Formatea</b> a memoria correctamente (de acordo cos estándares e as recomendacións) e incorpora elementos que enriquecen a calidade do documento (por exemplo, crea a súas propias figuras e/ou táboas en lugar de reproducir as de terceiros, ou incluíndo imaxes de baixa calidade).	<b>Formatea a</b> memoria correctamente (de acordo cos estándares e as recomendacións) e inclúe táboas e figuras lexibles e ben organizadas.	<b>Comete</b> algúns erros de formateo e organización, aínda que non son suficientemente serios como para distraer ao lector.	<b>Presenta</b> unha memoria de pouca calidade que non se axusta ás recomendacións. Os erros dificultan seguir minimamente o contido do traballo.	<b>Presenta</b> unha memoria de moi baixa calidade, con erros tipográficos e de formateo que interfieren e dificulta a lectura e a comprensión do traballo.
Presentación do traballo realizado (10%)	<b>Expón</b> de forma ordenada obxectivos, metodoloxía e resultados obtidos, repartindo o tempo dispoñible de acordo coa importancia atribuída a cada unha das partes, e xustificándoo de forma correcta e sintética.	<b>Expón</b> cada unha das partes previstas, distribuindo bastante ben o tempo dispoñible, pero non os xustifica todos adecuadamente.	<b>Presenta</b> tódalas partes previstas, pero de forma algo desordenada ou faltando a xustificación dalgunha parte. A exposición transmite o contido do TFM, pero de forma algo vaga e incompleta, aínda que xestionando ben o tempo.	<b>Presenta</b> de forma desordenada e só pon énfase nun subconxunto das partes esperables. A información que se dá sobre o traballo, como se realizou, os resultados, etc. é escasa ou confusa. Xestionase mal o tempo.	<b>Non presenta</b> claramente os apartados esperados e con unha mala xestión do tempo dispoñible.
Respostas ás preguntas do tribunal (10%)	<b>Amosa</b> interese polos comentarios recibidos, escoitándoos con atención. Responde ás preguntas que se lle formulan con acerto, aportando comentarios que permiten observar que profundizou no traballo incluso máis aló do que se presentou.	<b>Amosa</b> interese polos comentarios recibidos, escoitándoos con atención. Responde ás preguntas que se lle formulan con acerto.	<b>Escoita</b> as preguntas e comentarios. Sabe responder ás preguntas correctamente.	<b>Non está</b> demasiado atento/a aos comentarios do interlocutor. Contesta ás preguntas sen dar unha resposta totalmente adecuada.	No sabe responder ás preguntas ou responde algo distinto ao que se lle está preguntando.



**ANEXO V. CONFORMIDADE DE CONFIDENCIALIDADE**

**MÁSTER INTERUNIVERSITARIO EN CIBERSEGURIDADE**

En virtude da xustificación que aporta D/Dª ....., en representación da Comisión Académica del Máster Interuniversitario de Ciberseguridade, declara como privado o acto de lectura do TFM elaborado por ....., baixo a dirección de ....., e titulado .....

Asi mesmo,

Don/a ....., profesor/a no Máster, con NIF.....

Don/a ....., profesor/a no Máster, con NIF.....

Don/a ....., profesor/a no Máster con NIF.....

elixidos acorde coa normativa de TFM do MUnICS, asinan esta conformidade de confidencialidade e aceptación de defensa do mesmo en acto privado.

En ....., a .... de ..... de 20...